

ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2020

Proposta de ditame e de acordo

Elaborado o orzamento xeral da Excm. Deputación Provincial de Ourense para o ano 2020, que segundo o art.164.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, está integrado polo da propia entidade, do seu organismo autónomo, INORDE, e tendo en conta que o seu contido responde ó previsto nos art. 165, 166 e 167, incluíndose no anexo de persoal, propónse que pola Comisión informativa correspondente se ditamine favorablemente e polo Pleno provincial se aprobe, comprendendo o acordo a adoptar os seguintes puntos:

1º.- Aproba-lo orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2020, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal	34.086.299,30 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	20.433.588,99 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	19.139,13 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	13.008.618,69 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	10.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	12.294.409,02 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	4.845.744,47 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	702.200,40 €
TOTAL GASTOS.....	85.700.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 1.- Impuestos directos	4.900.000,00 €
Capítulo 2.- Impuestos indirectos	4.390.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.784.879,37 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	70.099.569,53 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	139.875,50 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.064.675,60 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
TOTAL INGRESOS...	85.700.000,00 €

B) INORDE.

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.041.007,65 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	654.849,35 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	334.180,00 €
Capítulo 6.- Inwestimentos reais	74.963,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
TOTAL GASTOS.....	2.110.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.861.925,48 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	11.153,81 €
Capítulo 7.-Transferencias de capital	234.900,71 €
TOTAL INGRESOS.....	2.110.000,00 €

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Ourense, 11 de setembro de 2019

O Presidente,

José Manuel Baltar Blanco